

CIRCULAR INFORMATIVA
(FRANCÉS 1ª lingua estranxeira)
PAU 2026

Prezadas compañeiras e prezados compañeiros,

Logo da celebración da PAU 2025, na que se consolidou a introdución progresiva da avaliación por competencias mantendo a estrutura de catro preguntas por materia, queremos agradecer a todo o profesorado o esforzo e a colaboración no proceso.

No caso de **Francés (códigos 12)**, levouse a cabo un único modelo de exame, sen opcionalidade e sen proba auditiva, cunha estrutura simple de catro preguntas distribuídas en comprensión escrita (3 puntos), morfosintaxe (2 puntos), léxico (2 puntos) e expresión escrita (3 puntos). A primeira pregunta, de carácter competencial, introduciu situacións contextualizadas directamente relacionadas coa comprensión do texto, tal como se recolle no Decreto do 15 de setembro. As outras tres preguntas mantiveron unha liña continuísta coas probas ABAU anteriores, incorporando optatividade interna.

De cara á **PAU 2026**, facemos constar que o exame manterá a mesma estrutura que este ano. A decisión responde á vontade de dar continuidade a un modelo xa asentado no imaxinario colectivo do alumnado e do profesorado, e que facilita a elaboración, reprodución, lectura, comprensión, corrección e avaliación das probas.

Na proba, os currículos están determinados, salvo instrución noutro sentido, pola Lei de Educación 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación (LOMLOE), así como polo Real Decreto 243/2022, de 5 de abril, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas de bacharelato e o Decreto 157/2022, de 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 26 de setembro de 2022), e polo Real Decreto 534/2024, de 11 de xuño, polo que se regulan os requisitos de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao, as características básicas da proba de acceso e a normativa básica dos procedementos de acceso.

Presentamos, a continuación, as características da proba o os criterios de avaliación a ter en conta en cada bloque de contidos:

PROBA ESCRITA (90 minutos)

Características xerais:

Os textos serán variados e abordarán temáticas relacionadas cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) das Nacións Unidas (2015-2030) dentro da cultura francófona.

O alumnado deberá responder as catro preguntas. As tres primeiras estarán relacionadas coa comprensión lectora, a competencia gramatical e a competencia léxica do alumnado; a última pregunta será a que avalía sobre a produción escrita. O alumnado deberá contestar correctamente todas as preguntas seguindo as instrucións dos enunciados.

PREGUNTA 1. BLOQUE DE COMUNICACIÓN. COMPRENSIÓN DE TEXTO ESCRITO (3 puntos)

Esta pregunta pretende comprobar a comprensión lectora por parte do alumnado, fixando a atención nos detalles relevantes do texto.

DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Criterios de avaliación - **Bloque 1 - Comunicación**

Materia de Lingua Estranxeira- 2º curso

- CA1.3. *Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias y os coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes e para distinguir a intención e as opinións implícitas e explícitas dos textos, inferir significados, interpretar elementos non verbais e buscar, seleccionar e contrastar información veraz.*

Materia de Lingua Estranxeira II- 2º curso

- CA1.1. *Comprender as ideas principais e as liñas argumentais básicas de textos de certa lonxitude, sobre os cales se teñan coñecementos previos ou que sexan próximos á súa experiencia persoal ou académica, expresados na lingua estándar.*
- CA1.4. *Comprender información relevante en textos do seu interese, expositivos, descritivos ou narrativos, en distintos soportes, de certa lonxitude e ben estruturados, nos cales se informa de acontecementos, se describen fenómenos, accións, persoas, obxectos e lugares, e se manifestan opinións, crenzas ou valores con expresións sinxelas e sen implícitos e, no caso da interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.*

Assurez-vous de répondre à toutes les parties de cette question. Cochez ou écrivez la bonne réponse.

Vous venez de lire le document et vous réalisez qu'un tel projet nécessite une réflexion sur le registre de langue à adopter. Êtes-vous sûr.e d'avoir bien compris ?

A pregunta (no Modelo de exame) consta de cinco apartados (3 puntos). O alumnado deberá **responder todos os apartados** da pregunta:

1.1. Quel est le problème rencontré par le film *Fall* selon le studio Lionsgate ? **(0,4 puntos ; une seule réponse)**

O alumnado deberá indicar cal é a resposta correcta segundo a información do texto. Para iso deberá marcar ou escribir unha das catro opcións proporcionadas. Se se indica máis dunha opción a puntuación nese apartado será un cero. Esta pregunta está valorada con 0,4 puntos.

1.2. Quelles étapes le réalisateur Scott Mann a-t-il suivies pour modifier les répliques du film *Fall* ? **(0,3 puntos; plusieurs réponses possibles)**

Neste caso o alumnado deberá dar as respostas correctas segundo a información do texto, desde unha ata catro respostas posibles en función da información dispoñible. Esta pregunta está valorada con 0,3 puntos.

1.3. Quel est l'objectif principal de la start-up *Flawless* dans le texte ? **(0,3 puntos; une seule réponse)**

O alumnado deberá proporcionar unha única resposta posible. Esta pregunta está valorada con 0,3 puntos.

1.4. Retrouvez dans le texte les passages qui répondent aux questions suivantes et recopiez-les **(1,2 puntos)**

O alumnado deberá responder os dous subapartados seguintes para conseguir o total da puntuación.

1.4.1. Sur quelle innovation technologique repose l'entreprise *Flawless* ? **(0,6 points)**

O alumnado deberá indicar a frase ou a parte do texto que contesta con exactitude a pregunta. Deberá escribir a resposta tal e como figura no texto. Esta pregunta está valorada con 0,6 puntos.

1.4.2. Quels avantages le film *Fall* a-t-il obtenus après les modifications apportées, y compris en termes de rentabilité ? **(0,6 points)**

O alumnado deberá responder escribindo a frase ou a parte concreta do texto que contesta con exactitude a pregunta. Deberá escribir a resposta tal e como figura no texto. Esta pregunta está valorada con 0,6 puntos.

1.5. Vrai/faux ? **(0,8 puntos)**

O alumnado terá que contestar se a información proporcionada nas **catro** preguntas ou enunciados é verdadeira (V) ou falsa (F). Pregunta valorada con 0,8 puntos.

PREGUNTA 2. BLOQUE DE REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA. MORFOSINTAXE.(2 puntos)

Esta pregunta ten por obxectivo verificar o coñecemento práctico dos aspectos morfosintácticos da lingua francesa. Consta de tres apartados dos que o alumnado deberá **responder dous**. En cada un deles deberá ser capaz de modificar e reescribir a estrutura dunha oración seguindo as indicacións do enunciado, o que inclúe a transformación de tempos verbais, a substitución de pronomes ou doutros elementos da oración, ou a reformulación de frases pasivas en activas (e viceversa), entre outros.

Morphosyntaxe. Répondez au choix à deux des trois sections suivantes. (2 puntos)

2.1. Transformez la phrase suivante à la voix passive (1 punto) : « Le studio Lionsgate devait assurer la distribution du film. »

O alumnado deberá substituír a expresión ou elemento subliñado por un verbo similar. A resposta proporcionada no Modelo de exame é a máis correcta pero poderán ser válidas outras respostas cuxo significado sexa equivalente.

2.2. Transformez la phrase suivante au discours indirect (1 punto) : « J'ai gardé un "fuck" à la fin, avoue-t-il »

O alumnado deberá transformar a frase sen modificar o seu significado, utilizando unha subordinada relativa. A frase deberá ser ortograficamente, gramaticalmente e semanticamente correcta.

2.3. Transformez la phrase suivante à la forme négative (1 punto) : « Plusieurs options se présentaient à Scott Mann »

O alumnado deberá substituír o enunciado subliñado por un pronome e reescribir a oración completa coas modificacións adecuadas. A frase transformada deberá ser ortograficamente, gramaticalmente e semanticamente correcta.

PREGUNTA 3. BLOQUE DE REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA. LÉXICO (2 puntos)

Esta pregunta avalía a capacidade do alumnado para entender e utilizar o vocabulario dentro dun contexto dado, non só recoñecendo palabras individuais, senón tamén interpretando correctamente o seu uso en frases ou textos máis amplos. Por exemplo, deberán saber deducir certos significados a partir do contexto ou entender como conectores do tipo *donc* ou *car* enlazan ideas dentro dun texto.

Consta de tres apartados dos que o alumnado deberá **responder dous**.

Lexique. Répondez au choix à deux des trois sections suivantes (2 puntos)

3.1. Cherchez dans le texte un synonyme pour les mots suivants (1 punto) 1. visés - 2. Complication - 3. Dorénavant - 4. Supposée

O alumnado deberá atopar un sinónimo para as cinco palabras que figuran na pregunta. Todos os sinónimos atópanse no texto. No caso da Segunda lingua estranxeira (código 62), as palabras seguirán a orde de aparición no texto.

3.2. Cherchez dans le texte deux termes équivalents à « mots impolis » (1 punto)

O alumnado deberá identificar no texto dúas palabras ou expresións equivalentes ao termo « *mots impolis* » (*jurons* et *gros mots*).

3.3. Cherchez dans le texte un antonyme pour les mots suivants (1 punto) :
1. Permissive – 2. Forcée

Neste caso o alumnado deberá atopar no texto un antónimo para as palabras que figuran na pregunta.

PREGUNTA 4. BLOQUE DE COMUNICACIÓN. PRODUCCIÓN ESCRITA (3 puntos)

A pregunta pretende avaliar a capacidade e destreza comunicativa do alumnado no ámbito da produción escrita. Búscase que os estudantes produzan textos claros, correctos e con un uso adecuado das estruturas lingüísticas do francés.

DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Criterios de avaliación - **Bloque 1 - Comunicación**

Materia de Lingua Estranxeira - 2º curso

- CA1.5. Redactar e difundir textos detallados de crecente extensión, ben estruturados e de certa complexidade, adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas evitando erros importantes e reformulando, sintetizando e organizando de maneira coherente información e ideas de diversas fontes, xustificando as propias opinións sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, facendo un uso ético da linguaxe, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.

Materia de Lingua Estranxeira II - 2º curso

- CA1.9. Redactar, en papel ou en soporte electrónico, textos breves ou de lonxitude media, coherentes e de estrutura clara, sobre temas de interese persoal, ou asuntos cotiáns ou menos habituais, nun rexistro neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de expresións e estruturas, e un léxico de uso frecuente, tanto de carácter xeral como máis específico dentro da propia área de especialización ou de interese.

Teranse en conta os seguintes criterios de avaliación (os **3 puntos** outorgaranse segundo o maior ou menor grado de cumprimento destes parámetros):

- **Coherencia e cohesión:** Estrutura clara, con ideas organizadas e un uso correcto dos conectores. O alumnado sabe expresar e estruturar correctamente as súas ideas facendo un uso pertinente e variado dos conectores. Non inclúe información irrelevante. **(1 punto)**
- **Riqueza e precisión léxica:** O alumnado sabe empregar un vocabulario variado e preciso, evitando repeticións. **(0,7 puntos)**
- **Corrección gramatical, ortografía e puntuación:** Uso correcto dos tempos verbais, as concordancias, os pronomes e outras estruturas gramaticais. A modo de exemplo: uso apropiado do presente, pasado (*passé composé, imparfait*), futuro, condicional e subxuntivo, segundo o contexto. Respecto das regras de concordancia de xénero e número entre suxeito, verbo, adxectivos e outros elementos da oración. Uso correcto dos pronomes persoais (suxeito e obxecto), relativos (*qui, que, dont*), demostrativos, adverbiais (*en, y*), etc. Uso correcto de frases subordinadas, uso da voz pasiva, negación e formación de preguntas.
Valorarase igualmente a corrección ortográfica e o uso adecuado da puntuación. **(0,8 puntos)**
- **Adecuación :** O contido é completamente relevante e responde perfectamente á consigna. Sabe comunicar as ideas que quere transmitir utilizando unha considerable variedade de recursos. Utiliza un rexistro de lingua adecuado ao tipo de texto (formal, informal, etc.) **(0,5 puntos)**

Production écrite : répondez au choix à l'une des sections suivantes. (3 puntos)

O alumnado deberá seleccionar **unha** das dúas redaccións propostas.

4.1. Rédigez un texte dans lequel vous donnez votre avis sur l'utilisation de l'intelligence artificielle dans les films. Est-ce une bonne ou une mauvaise idée selon vous ? Justifiez votre réponse. (100 à 120 mots)

4.2. Rédigez un courriel à un.e ami.e en lui indiquant que vous allez faire une vidéo au lycée et en expliquant comment vous allez utiliser les nouvelles technologies. (100 à 120 mots)

O alumnado deberá redactar unha composición en francés de 100 a 120 palabras, contestando a pregunta. Deberá ter en conta os criterios de avaliación e respectar escurpulosamente a extensión requirida. As respostas demasiado breves ou demasiado extensas con respecto ao límite permitido serán penalizadas con 0,5 puntos menos (-0,5 puntos). Se a

composición non se adecúa á temática proporcionada na consigna a puntuación será de cero.

Recíbide un saúdo moi cordial.

Grupo de Traballo de Francés, 10 de setembro de 2025

Enderezo de contacto: **ciug.fr@cisug.gal**